



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CIRCULAR 2/2025

Asunto: *Recoñecemento de día de permiso adicional no 2025*

O Alcalde ditou o 18 de febreiro o Decreto da Alcaldía núm.336/2025, que a continuación se transcribe:

“O art. 94 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado e que se lles aplicarán as mesmas normas sobre equivalencia e redución de xornada.

A Resolución de 28 de decembro de 2019 (BOE do 1-3-2019), da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos, habilita a incorporar aos calendarios laborais, cada ano natural, como máximo un día de permiso cando algunha ou algunhas das festividade laborais do eido nacional de carácter retribuído, non recuperables e non substituíbles polas Comunidades Autónomas coinciden en sábado durante o dito ano.

Considerando que pola resolución do 15 de outubro de 2025 da Dirección General de Trabajo (BOE do 18-10-2024), pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2025, os días 1 de novembro e 6 de decembro considéranse días festivos de eido nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíbles polas Comunidades Autónomas.

Considerando o establecido pola resolución do 31 de xaneiro de 2025 da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública pola que se establece o réxime de gozo dun día de permiso adicional pola coincidencia en sábado de dúas festividade laborais en 2025.

Por todo o exposto, e en exercicio das atribucións que asignan á Alcaldía as disposicións vixentes,

RESOLVO:

1º.- Recoñecer o dereito dos empregados/as públicos/as municipais ao gozo durante 2025 de un día de permiso adicional dado que os días 1 de novembro e 6 de decembro de 2025 que coinciden en sábado, son festivos nacionais de carácter retribuído non recuperables e non substituíbles polas Comunidades Autónomas.

2º.- Atendendo ás necesidades do servizo, este permiso poderá utilizarse illadamente ou acumularse tanto aos días soltos de vacacións como aos días de permiso por asuntos particulares.”

O que se informa a todo o persoal municipal para o seu coñecemento. Neste senso, que se expoña nun espazo accesible en cada área municipal e se publique no taboleiro de edictos e no taboleiro da Sede electrónica municipal.

A Concelleira de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal : Pilar Taibo Fernández

- Persoal Municipal